

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE FOMENTO

**2209** *REAL DECRETO 90/2003, do 24 de xaneiro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima. («BOE» 30, do 4-2-2003.)*

A Directiva 94/57/CE do Consello, do 22 de novembro de 1994, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e peritaxe de buques e para as actividades correspondentes das administracións marítimas, modificada, parcialmente, pola Directiva 97/58/CE, da Comisión, do 26 de setembro de 1997, establecía as medidas que deben aplica-los estados membros da Unión Europea e as organizacións encargadas da inspección, o control e a certificación dos buques en cumprimento dos convenios internacionais sobre seguridade no mar e prevención da contaminación marítima. En tal sentido, determinaba que os estados membros que encomenden funcións de inspección a entidades privadas só poderán autorizar que estas sexan realizadas por organizacións recoñecidas no ámbito da Unión Europea, os cales, para obte-lo recoñecemento, deberán cumprir-los requisitos que se detallan na propia directiva.

Sendo o principio de non discriminación un dos piares fundamentais do dereito comunitario, a citada directiva aplicábo expresamente ás organizacións recoñecidas no ámbito da Unión Europea, de tal xeito que un estado membro non pode negarse, en principio e coas salvaxes que se establecían na propia directiva, a permitir-lle o exercicio das súas funcións a toda organización recoñecida con establecemento na Unión Europea, sempre que o devandito estado optase por delegar facultades inspectoras e de control en tales organizacións, coñecidas no mundo marítimo como sociedades de clasificación.

Sobre estes dous principios básicos, posibilidade de que as administracións marítimas dos estados membros exerciten en todo ou en parte as súas funcións inspectoras e de control sobre os buques a través de sociedades de clasificación e non discriminación entre organizacións recoñecidas no ámbito da Unión Europea, configurábase a regulación que nesta materia levaba a cabo a Directiva 94/57/CE.

A incorporación ó ordenamento xurídico español das citadas directivas operouse mediante o Real decreto 2662/1998, do 11 de decembro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima.

Con data do 19 de decembro de 2001 foi aprobada a Directiva 2001/105/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se modifica en profundidade a 94/57/CE.

A nova directiva pretende, resumidamente, actualizar as referencias ós convenios internacionais e ós seus protocolos e códigos conexas que son de aplicación, asumir varias resolucións da Organización Marítima Internacional (OMI), engadir requisitos novos para o recoñecemento das organizacións, centralizar, a través da Comisión, o dito recoñecemento, —así como o seguimento das actividades das organizacións e a posible suspensión destas—, harmoniza-los aspectos relativos á responsabilidade na que poidan incorre-las organizacións e, finalmente, introducir algunhas outras novidades de menor transcendencia.

Este real decreto, de incorporación ó ordenamento xurídico español da Directiva 2001/105/CE, derroga integramente o Real decreto 2662/1998, a prol dunha maior claridade e da salvagarda da seguridade xurídica, debido ó profundo calado das modificacións que a nova directiva introduce na 94/57/CE.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 24 de xaneiro de 2003,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto:

a) Establece-las condicións que deben cumprir-las organizacións e sociedades de clasificación de buques para seren recoñecidas pola Comisión Europea e para seren autorizadas a efectuar, en nome da Administración marítima, funcións de inspección, control e certificación dos buques.

b) Regula-lo procedemento para outorga-la autorización ás devanditas organizacións.

c) Determina-las funcións de recoñecemento de buques asumidas polas organizacións autorizadas.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) Buque: todo buque comprendido no ámbito de aplicación dos convenios internacionais citados na alínea e) deste artigo.

b) Buque que enarbora pavillón dun estado membro: un buque rexistrado nun estado membro e que enarbore pavillón deste, de conformidade coa súa lexislación. Os buques que non correspondan a esta definición asimilaranse a buques que enarboran pavillón dun país terceiro.

c) Buque que enarbora o pavillón español: todo buque civil, abandeirado en España.

d) Inspeccións e controis: as inspeccións e controis obrigatorios en virtude dos convenios internacionais.

e) Convenios internacionais: o Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar (SOLAS) de 1974/1978, o Convenio internacional sobre liñas de carga de 1966 e o Convenio internacional para prever-la contaminación polos buques (MARPOL) de 1973/1978, xunto cos seus protocolos e modificacións, así como os correspondentes códigos de carácter obrigatorio e os que os modifiquen ou substitúan, vixentes o 19 de decembro de 2001.

f) Organización: unha sociedade de clasificación ou outra entidade privada que efectúe funcións de avaliación da seguridade dos buques e dos seus elementos.

g) Organización recoñecida: aquela que fose obxecto de recoñecemento por parte da Administración marítima española ou da de calquera outro estado membro da Unión Europea.

h) Organización autorizada: unha organización recoñecida á que o Ministerio de Fomento habilítase para realiza-las inspeccións e controis previstos neste real decreto.

i) Autorización: o acto administrativo polo cal o Ministerio de Fomento lle permite a unha organización recoñecida a realización efectiva das inspeccións e controis ós que se refire este real decreto.

j) Certificado: un certificado expedido por ou en nome dun estado membro da Unión Europea de conformidade cos convenios internacionais.

k) Certificado de clasificación: un documento expedido por unha sociedade de clasificación, no que se certifica a idoneidade estrutural e mecánica dun buque para un uso ou servizo específico de conformidade coas súas normas e regulamentos, establecidos e publicados pola devandita sociedade.

l) Certificado de seguridade radioeléctrica para buque de carga: o certificado introducido polas regras relativas a radiocomunicacións do Convenio SOLAS 1974/1978, adoptado pola Organización Marítima Internacional.

m) Establecemento: o lugar do domicilio social, da sede administrativa central ou do centro principal de operacións dunha organización.

## CAPÍTULO II

### Recoñecemento das organizacións de inspección e control de buques

#### Artigo 3. Organizacións recoñecidas.

Con carácter previo á autorización pola Administración marítima dunha organización non recoñecida, a Subsecretaría de Fomento, por proposta da Dirección Xeral da Mariña Mercante, solicitará o seu recoñecemento pola Comisión das Comunidades Europeas, de conformidade co previsto no punto 1 do artigo 4 da Directiva 94/57/CE do Consello, do 22 de novembro de 1994, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e peritaxe de buques e para as actividades correspondentes das administracións marítimas.

A organización interesada no devandito recoñecemento deberá achega-la documentación que acredite o cumprimento dos criterios que se relacionan no anexo I e manifesta-lo seu compromiso de atermos, en caso de obter-la autorización, ás obrigas establecidas nas alíneas d), g) e k) do artigo 7 e na disposición adicional quinta.

#### Artigo 4. Recoñecementos limitados.

A Administración marítima española poderalle presentar á Comisión solicitudes especiais de recoñecemen-

to limitado por tres anos para organizacións que cumpran tódolos criterios do anexo I con excepción dos establecidos nos puntos 2 e 3 da sección A.

Aplicarase o mesmo procedemento previsto no artigo 3 ás devanditas solicitudes especiais, coa diferenza de que os criterios, o cumprimento dos cales deberá avaliala Comisión das Comunidades Europeas xuntamente coa Administración marítima española, serán tódolos do anexo I salvo os establecidos nos puntos 2 e 3 da sección A.

Os efectos destes recoñecementos limitados alcanzarán exclusivamente a España e, se é o caso, ós demais estados membros que presentasen a solicitude do recoñecemento.

#### Artigo 5. Revogación do recoñecemento.

A Subsecretaría de Fomento, por proposta da Dirección Xeral da Mariña Mercante, logo de audiencia da organización afectada, solicitaralle á Comisión das Comunidades Europeas a revogación do recoñecemento de toda organización que deixase de cumprir os criterios establecidos no anexo I ou que non obteña os resultados en materia de seguridade e prevención da contaminación mariña ós que se fai referencia neste artigo.

Na instrucción do procedemento terase en conta a avaliación conxunta á que se refire o artigo 12, así como os datos sobre os resultados da organización en materia de seguridade e prevención da contaminación obtidos de tódolos buques do seu rexistro, independentemente do pavillón que enarboren.

Os resultados de referencia extrapolaranse a partir dos datos obtidos das inspeccións sobre o control polo Estado do porto (MOU) ou por procedementos similares, así como da análise dos accidentes que sufrisen os buques clasificados polas organizacións recoñecidas.

Para avalia-los devanditos resultados tomaranse en consideración os informes elaborados pola Administración marítima española con base na disposición adicional cuarta.

## CAPÍTULO III

### Organizacións autorizadas para efectuar recoñecementos de buques en nome da Administración marítima

#### Artigo 6. Organizacións autorizadas.

1. As organizacións recoñecidas nun estado membro da Unión Europea, ou doutro estado que aplique criterios de reciprocidade en canto ó recoñecemento e en canto ó trato ás recoñecidas nesta, que teñan un centro de explotación ou un establecemento de carácter permanente en España, poderán ser autorizadas, nos termos previstos neste capítulo, para realizar en nome da Dirección Xeral da Mariña Mercante os recoñecementos de buques previstos nos convenios internacionais ós que se refire o artigo 2.e) deste real decreto, nos supostos que a continuación se indican:

a) Cando un buque español con destino a un porto español se atope en porto estranxeiro e necesite prorrogalo prazo de validez de calquera certificado por aproximarse a data da súa caducidade.

b) Cando un buque español estea dedicado a realizar viaxes entre portos estranxeiros e resulte prexudicial para a súa explotación comercial o seu traslado a porto nacional, para efectuar algún dos recoñecementos preceptivos.

c) Cando un buque español, por avarías ou outras causas de sinistralidade, deba de ser obxecto de recoñecemento no estranxeiro.

2. O capitán do buque que se atope nalgunha das circunstancias previstas no punto anterior, o navieiro ou a empresa navieira á que aquel pertenza, poderán solicitar dunha organización autorizada a realización do recoñecemento correspondente.

A organización autorizada, unha vez efectuado o recoñecemento, facilitaralle por escrito o seu informe ó capitán ou ó navieiro, quen solicitará da Dirección Xeral da Mariña Mercante, achegando á solicitude o referido informe, a realización dalgunha das seguintes actuacións:

a) A prórroga do correspondente certificado polo prazo necesario, nunca superior a cinco meses, para que o buque poida termina-la súa viaxe e regresar a un porto español onde se procederá á súa inspección para a renovación do oportuno certificado.

b) A emisión dun novo certificado ou certificados, nos casos previstos nas alíneas b e c) do punto anterior.

c) A expedición dun documento acreditativo de ter superado con éxito un recoñecemento das partes afectadas en caso de avaría ou sinistro. Se a magnitude destes fixese necesaria algunha anotación ou modificación nalgún dos certificados, esta realizarase á súa chegada a un porto español.

3. Se o informe da organización autorizada fose favorable, a Dirección Xeral da Mariña Mercante levará a cabo a actuación solicitada no prazo máximo de quince días, notificándollo ó interesado.

4. O establecido nos puntos anteriores deste artigo non é aplicable á certificación de compoñentes específicos de equipos mariños, que estará suxeita ás súas normas específicas.

5. A resolución autorizatoria deberá cumprir-las prescricións contidas no apéndice II da Resolución da Organización Marítima Internacional (OMI) A. 739 (18), do 4 de novembro de 1993, sobre directrices para a autorización de organizacións que actúen en nome da Administración, que se recollen no anexo II deste real decreto, así como inspirarse no anexo, os apéndices e os documentos adxuntos á Circular OMI MSC 710 e á Circular MEPC 307 sobre o modelo de réxime para a autorización das organizacións recoñecidas que actúen en nome da Administración.

#### Artigo 7. *Requisitos que deben cumprir-las organizacións autorizadas.*

As organizacións autorizadas deberán cumprir-las obrigas que se indican a continuación:

a) Realiza-los recoñecementos de buques obxecto da autorización de acordo coas directrices e criterios xerais aprobados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

b) Someterse, nos termos previstos no artigo 12 deste real decreto, á supervisión e inspección da Dirección Xeral da Mariña Mercante e á realización de auditorías periódicas das funcións realizadas en nome da Administración marítima.

c) Facilitar en todo momento o exercicio das funcións de inspección de buques pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, quen as poderá verificar pormenorizadamente e de forma aleatoria.

d) Comunicarlle á Dirección Xeral da Mariña Mercante os criterios esenciais utilizados pola organización para clasificar, desclasificar e cambiar de clase os buques, así como as suspensións, transferencias e retiradas de clase que poidan sufrir estes.

e) Comunicarlle á Dirección Xeral da Mariña Mercante os estándares técnicos da organización, a súa aplicación e calquera modificación deles.

f) Ter subscrita unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra a derivada das actuacións rea-

lizadas pola organización nas actividades obxecto da autorización nos termos previstos no artigo 8.

g) Cooperar cos órganos da Administración marítima española respecto dos buques inspeccionados pola organización, fundamentalmente cando se trate de rectificar deficiencias ou outras discrepancias notificadas polos devanditos órganos.

h) Realizar consultas periódicas con outras organizacións autorizadas, co fin de mante-la equivalencia dos seus estándares técnicos e a uniformidade na súa aplicación conforme o disposto na Resolución A 847 (20) da OMI.

i) Comunicarlle á Dirección Xeral tódalas variacións que afecten os requisitos e contidos da autorización, nun prazo de dez días dende que se produzan.

j) Remitirlle ó citado centro directivo, antes do 31 de marzo de cada ano, unha memoria descriptiva do conxunto das actividades realizadas durante o ano precedente en relación cos buques de pavillón español.

k) Comunicarlle ó sistema de información SIRENAC e publicar na páxina electrónica, se existise, da organización os datos citados na alínea d), así como a información sobre tódalas inspeccións pendentes e recomendacións non cumpridas, as condicións de clase e de explotación e as restriccións de funcionamento establecidas, referido todo iso ós buques inscritos nos seus rexistros, con independencia do seu pavillón.

#### Artigo 8. *Responsabilidade das organizacións autorizadas.*

1. Cando un tribunal declare, por sentenza firme, ou cando se determine como solución dun litixio no marco dun procedemento arbitral, que a Administración marítima é responsable dun accidente e que debe indemniza-los prexudicados polos danos materiais, danos físicos ou falecemento e resulte probado que tales danos están causados, en todo ou en parte, por unha acción ou omisión dolosa ou por negligencia grave imputable á organización autorizada, ós seus servizos, ó seu persoal, ós seus axentes ou a outras persoas que actúen en nome desta, a Administración terá dereito a recibir unha indemnización da organización autorizada, na medida en que os devanditos danos materiais, danos físicos ou falecemento fosen causados, a criterio do tribunal ou do órgano arbitral, pola citada organización.

2. Cando un tribunal declare, por sentenza firme, ou cando se determine como solución dun litixio no marco dun procedemento de arbitraje, que a Administración marítima é responsable dun accidente e que debe indemniza-los prexudicados por danos físicos ou falecemento e resulte probado que tales danos están causados por unha acción ou omisión negligente imputable á organización autorizada, ó seu persoal, ós seus axentes ou a outras persoas que actúen en nome desta, a Administración terá dereito a recibir unha indemnización da citada organización autorizada, na medida en que os devanditos danos físicos ou falecemento fosen causados, a criterio do tribunal ou do órgano arbitral, pola citada organización.

3. Cando un tribunal declare, por sentenza firme, ou cando se determine como solución dun litixio no marco dun procedemento de arbitraje, que a Administración marítima é responsable dun accidente e que debe indemniza-los prexudicados por danos materiais e resulte probado que tales danos están causados por unha acción ou omisión negligente imputable á organización autorizada, ó seu persoal, ós seus axentes ou a outras persoas que actúen en nome desta, a Administración terá dereito a recibir unha indemnización da organización autorizada, na medida en que os danos materiais fosen causados, a xuízo do tribunal, pola citada organización.

### Artigo 9. *Procedemento.*

1. O procedemento para obter a autorización será iniciado por solicitude da organización recoñecida, dirixida ó subsecretario de Fomento e será tramitada pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, que realizará as actuacións necesarias para comprobar, conforme a criterios obxectivos, que a organización reúne os requisitos esixidos por este real decreto.

2. A competencia para outorgar ou denegar a autorización correspóndelle ó subsecretario de Fomento, por proposta da Dirección Xeral da Mariña Mercante, mediante resolución motivada, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O prazo máximo para resolver o procedemento de outorgamento da autorización será de tres meses. De non recaer resolución expresa dentro deste prazo, entenderase que a solicitude foi estimada.

4. A Dirección Xeral da Mariña Mercante ordenará periodicamente a publicación no «Boletín Oficial del Estado» da lista de organizacións autorizadas.

### Artigo 10. *Limitación do número de organizacións autorizadas.*

Por orde do ministro de Fomento poderase limitar o número de organizacións autorizadas para realizar as actuacións enumeradas no artigo 6.1, cando as necesidades da Inspección Marítima, en razón do volume da flota civil española e a súa evolución previsible, o grao de implantación efectiva das organizacións recoñecidas e outras circunstancias similares, así o aconsellen.

A orde do ministro de Fomento determinará as regras obxectivas e transparentes aplicables para seleccionar, en tal caso, as organizacións autorizadas.

### Artigo 11. *Revogación da autorización.*

Cando o subsecretario de Fomento considere fundamentalmente que unha organización autorizada non debe seguir exercendo en nome da Administración marítima as actividades descritas no artigo 6, por incumprilas obrigas establecidas neste real decreto ou por realizarlos recoñecementos de buques de forma manifestamente incompleta, inexacta, incorrecta ou deficiente, suspenderá cautelarmente, por proposta da Dirección Xeral da Mariña Mercante, a autorización outorgada, comunicándolle a súa decisión á Comisión Europea.

Se a Comisión ratifícase a suspensión cautelar, a Dirección Xeral da Mariña Mercante iniciará de oficio o procedemento de revogación da autorización, no que se lle dará audiencia ó interesado. En caso contrario, levantarase a suspensión cautelar.

Correspóndelle ó subsecretario de Fomento resolver motivadamente o procedemento de revogación da autorización.

### Artigo 12. *Supervisión, inspección e avaliación das organizacións autorizadas.*

1. A Dirección Xeral da Mariña Mercante deberá supervisar e inspeccionar, polo menos cada dous anos, as organizacións autorizadas para verificar o cumprimento das funcións que teñan encomendadas, informando dos resultados da avaliación á Comisión e ós demais estados membros antes do 31 de marzo do ano seguinte ós dous anos avaliados.

2. A Comisión, conxuntamente coa Dirección Xeral da Mariña Mercante, poderá avaliar periodicamente e

polo menos cada dous anos as organizacións recoñecidas para comprobar que cumpren os criterios do anexo I.

3. Os criterios para seleccionar as organizacións que se van avaliar son os seguintes:

a) Datos sobre os resultados da organización en materia de seguridade marítima e prevención da contaminación mariña.

b) Expedientes de sinistros marítimos nos que se viran involucrados os seus buques.

c) Informes elaborados polos estados membros segundo o disposto na disposición adicional cuarta.

4. A avaliación poderá incluír unha visita ás sucursais da organización, así como unha inspección aleatoria dos seus buques.

### Artigo 13. *Rexistro das organizacións.*

A Dirección Xeral da Mariña Mercante levará un rexistro no que consten as organizacións recoñecidas e autorizadas, así como tódolos datos actualizados relevantes relativos a estas.

## CAPÍTULO IV

### Réxime sancionador

#### Artigo 14. *Infraccións graves.*

O incumprimento polas organizacións autorizadas das obrigas de comunicación á Dirección Xeral da Mariña Mercante previstas nas alíneas d), e), i) e j) do artigo 7 constituirá unha infracción administrativa grave, de acordo co establecido no artigo 115.3.ñ) da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

#### Artigo 15. *Infraccións moi graves.*

1. Constitúen infraccións administrativas moi graves, de conformidade co previsto no artigo 116.2.e) da Lei 27/1992, as actuacións das organizacións autorizadas que a continuación se relacionan, sempre que estas poñan en grave perigo a seguridade do buque ou da navegación:

a) A realización de xeito incompleto, inexacto, incorrecto ou deficiente dos recoñecementos dos buques.

b) A obstaculización ó exercicio, polos servicios da Dirección Xeral da Mariña Mercante, das funcións de inspección marítima.

c) A emisión do informe previsto no segundo parágrafo do artigo 6.2, sen realizar previamente os preceptivos recoñecementos.

2. Constitúen infraccións administrativas moi graves, de conformidade co previsto no artigo 116.3.h) da Lei 27/1992, as seguintes condutas:

a) O falseamento polas organizacións autorizadas dos datos que se lle deben subministrar á Dirección Xeral da Mariña Mercante en aplicación do previsto nas alíneas d), e), i) e j) do artigo 7.

b) O falseamento ou a ocultación á Dirección Xeral da Mariña Mercante, por parte do capitán do buque ou do navieiro que, de conformidade co disposto no artigo 6.2, soliciten os recoñecementos dunha organización autorizada, do informe emitido por esta.

Disposición adicional primeira. *Regulación da construción, mantemento e control de buques abandeirados en España.*

A construción e o mantemento do casco, das máquinas e das instalacións eléctricas e de control dos buques abandeirados en España realizaranse de acordo coas regras fixadas por unha organización recoñecida, que dispoña de normas completas e actualizadas para o deseño, construción e control periódico de buques.

Excepcionalmente, por orde do ministro de Fomento, poderase autoriza-la aplicación de normas e parámetros equivalentes ós previstos no parágrafo anterior, sempre que estes non fosen rexeitados ou considerados non equivalentes por outro estado membro da Unión Europea ou pola Comisión Europea.

Disposición adicional segunda. *Aprobación da primeira concesión dos certificados de exención dos buques.*

A Dirección Xeral da Mariña Mercante aprobará, en todo caso, a primeira concesión dos certificados de exención dos buques.

Disposición adicional terceira. *Remuneración de servizos prestados por organizacións autorizadas.*

Os servizos prestados polas organizacións autorizadas serán remunerados exclusivamente polos navieiros ou as empresas navieiras destinatarios deles.

Disposición adicional cuarta. *Igualdade de trato nas inspeccións que realice a Dirección Xeral da Mariña Mercante.*

Sen prexuízo do establecido no punto 3 do artigo 3 do Regulamento para o control do cumprimento da normativa internacional sobre seguridade marítima, prevención da contaminación e condicións de vida e traballo nos buques estranxeiros que utilicen portos ou instalacións situadas en augas xurisdiccionais españolas, aprobado polo Real decreto 768/1999, do 7 de maio, modificado polo Real decreto 1828/2000, do 3 de novembro, cando a Dirección Xeral da Mariña Mercante realice inspeccións, en calidade de autoridade de Estado portuario, informará a Comisión e os demais estados membros, así como o Estado do pavillón de que se trate, da expedición de certificados válidos por organizacións que actúen en nome do devandito Estado a buques que non cumpran os requisitos pertinentes nos convenios internacionais, ou ben de calquera incumprimento por parte dun buque provisto dun certificado de clasificación válido e que afecte a elementos cubertos polo devandito certificado, todo iso sempre que os incumprimentos representen unha ameaza grave para a seguridade marítima e o medio mariño ou que ofrezan indicios dun comportamento especialmente negligente por parte das organizacións. Así mesmo, notificarase do asunto á organización recoñecida de que se trate no momento da inspección inicial, para que poida adoptar inmediatamente as medidas oportunas.

Disposición adicional quinta. *Transferencias de clase.*

En caso de transferencia de clase dunha organización recoñecida a outra, a organización cedente informará a organización receptora de tódalas inspeccións pendentes e recomendacións non cumpridas, condicións de clase, condicións ou restriccións de funcionamento establecidas referentes ó buque e subministrarlle á devandita organización a documentación completa sobre este. A organización receptora só poderá expedi-los certifi-

cados ó buque tras pasar este satisfactoriamente tódalas inspeccións pendentes, cumprilas recomendacións non cumpridas e as condicións de clase previamente establecidas, de conformidade coas especificacións da organización cedente. Con carácter previo á expedición dos certificados, a organización receptora notificaralle á organización cedente a súa data de expedición e confirmará a data, lugar e medidas tomadas para cumprir cada unha das inspeccións, recomendacións e condicións de clase pendentes. As organizacións recoñecidas colaborarán entre elas para aplicar axeitadamente o disposto nesta disposición adicional.

Disposición adicional sexta. *Funcións de inspección e control.*

As referencias que nas disposicións adicionais primeira e cuarta do Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de inspección e certificación de buques civís, se realizan ó Real decreto 2662/1998, do 11 de decembro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima, entenderanse feitas a este real decreto.

Disposición transitoria única. *Prazo de adecuación á normativa.*

As organizacións recoñecidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto non perderán o seu recoñecemento, pero deberán cumprilas novas prescricións establecidas neste real decreto antes de que transcorran dous anos desde a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 2662/1998, do 11 de decembro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Fomento para dicta-las disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 24 de xaneiro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,  
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

## ANEXO I

### Criteria para o recoñecemento das organizacións de inspección e control de buques

#### A) CRITERIOS XERAIS MÍNIMOS

1. Acreditar unha ampla experiencia na avaliación do deseño e construción dos buques mercantes.
2. Ter clasificada unha flota de, polo menos, 1.000 buques de máis de 100 GT, cun total non inferior a 5.000.000 de GT.

3. Contar cun equipo técnico acorde co número de buques clasificados. Como mínimo, necesitaranse 100 técnicos con dedicación exclusiva para cumprilos requisitos do punto 2.

4. Dispor de regras e normas completas para o deseño, construción e control periódico de buques mercantes, publicadas e permanentemente actualizadas e melloradas mediante programas de investigación e desenvolvemento.

5. Publicar anualmente o seu rexistro de buques ou ben que este sexa accesible de modo informático ou electrónico

6. Non ser propiedade nin estar controlada por navieiros ou constructores de buques nin por outras persoas ou entidades que se dediquen profesionalmente á construción, equipamento, reparación ou explotación de buques.

7. Percibir ingresos que non dependan única ou principalmente dunha soa empresa.

8. Operar de conformidade coas disposicións establecidas no anexo da Resolución A 789(19) da Organización Marítima Internacional (OMI), do 23 de novembro de 1995, sobre especificación das funcións de peritaxe e certificación de organizacións que actúen en nome da Administración, na medida na que sexan aplicables no ámbito deste real decreto.

9. Non ser propietaria ou navieira do buque nin ter vínculos persoais, familiares ou profesionais cos propietarios ou navieiros deste.

#### B) CRITERIOS ESPECÍFICOS MÍNIMOS

1. Dispor de:

a) Cadro de persoal técnico, de xestión, de apoio e de investigación suficiente e axeitado ás tarefas que se van desempeñar e ó número de buques clasificados, que desenvolva as súas funcións con respecto das normas e regulamentos vixentes.

b) Cobertura mundial, co seu propio persoal técnico en dedicación exclusiva ou utilizando persoal técnico doutras organizacións recoñecidas, así mesmo en dedicación exclusiva.

2. Estar rexida por un código ético.

3. Garanti-la confidencialidade da información transmitida pola Administración marítima española e recibida desta.

4. Facilita-la información pertinente á Administración marítima española en castelán, así como á Comisión e ós posibles interesados.

5. Definir e documentar, por parte da dirección da organización, as súas políticas, os seus obxectivos e o seu compromiso en materia de calidade, así como garantir que estes extremos sexan aplicados a tódolos niveis da organización. Estas políticas deberán fixar obxectivos e indicadores en materia de seguridade marítima e prevención da contaminación marítima.

6. Desenvolver, aplicar e manter un control de calidade interno eficaz baseado nas seccións pertinentes dos estándares de calidade internacionalmente recoñecidos e de conformidade con EN 45004 (organismos de inspección) e EN 29001, interpretados polos «IACS Quality System Certification Scheme Requirements», sistema de calidade que, entre outros extremos, garantirá:

a) A elaboración e mantemento sistemático das regras e normas da organización.

b) O respecto das regras e normas da organización, establecéndose un procedemento interno para medi-la calidade do servizo en relación co que prescriben tales regras e normas.

c) O cumprimento dos requisitos da autorización, nos supostos de organizacións autorizadas, establecén-

dose un procedemento interno para medi-la calidade do servizo en relación co cumprimento dos convenios internacionais.

d) A delimitación e descrición por escrito das responsabilidades e funcións do persoal cun traballo que afecta a calidade dos servizos da organización.

e) A supervisión das actuacións e as tarefas efectuadas polo persoal técnico e administrativo directamente empregado pola organización.

f) A aplicación nun sistema de cualificación dos técnicos e unha actualización permanente dos seus coñecementos.

g) A acreditación do cumprimento dos estándares esixidos nos elementos afectados polas funcións autorizadas, así como o funcionamento eficaz do sistema de calidade.

h) A existencia dun sistema global de auditorías internas, planificadas e documentadas, das actividades relacionadas coa calidade en tódolos lugares de traballo.

i) A realización supervisada e controlada de tódalas tarefas e cometidos que incumben á organización.

j) A realización efectiva dos cometidos e as tarefas autorizadas á organización encomendarase unicamente a técnicos desta ou doutras organizacións autorizadas con dedicación exclusiva.

En todo caso, os técnicos deberán coñecer en profundidade o tipo de buque no que van traballar en función dos recoñecementos e inspeccións que se van efectuar sobre este.

k) A realización das inspeccións e recoñecementos autorizados á organización segundo o disposto na Resolución A 746(18) da OMI sobre directrices de control baixo o sistema harmonizado de control e certificación.

l) A asignación e repartición clara e directa de responsabilidades entre as oficinas centrais e rexionais da organización e entre esta e os seus técnicos, con mecanismos de supervisión e control ó respecto.

7. Acredita-la súa capacidade para:

a) A elaboración e actualización permanente dunha serie completa e adecuada de regras e normas propias relativas ó casco, á maquinaria e ó equipo eléctrico e de control dos buques, que poidan ser consideradas como estándares técnicos internacionalmente recoñecidos, sobre a base das cales se poidan expedir certificados de seguridade do Convenio de SOLAS e de seguridade para buque de pasaxe (no que se refire á adecuación da estrutura do buque e dos sistemas esenciais de maquinaria a bordo) e certificados de liñas de carga (no que se refire á adecuación da resistencia do buque).

b) Levar a cabo as inspeccións e controis esixidos polos convenios internacionais como requisitos previos para a expedición dos certificados, o que presupón dispor de persoal técnico cualificado, así como de medios abondos para avaliar mediante a aplicación da Resolución A (788) 19 da OMI sobre a utilización e o mantemento dos sistemas de xestión de seguridade, tanto radicados en terra como a bordo dos buques ós que se pretende expedirlos certificados.

8. Someterse á avaliación do seu sistema de calidade por unha entidade externa imparcial designada pola Administración marítima española ou ben por órganos da propia Administración marítima española.

9. Permiti-la participación —no desenvolvemento das súas regras ou normas— de representantes da Administración marítima española e outras partes interesadas.

## ANEXO II

**Resolución da Organización Marítima Internacional (OMI) A.739 (18), aprobada o 4 de novembro de 1993***Directrices relativas á autorización das organizacións que actúen en nome da Administración*

A Asemblea;

Lembrando o artigo 15.j) do Convenio constitutivo da organización marítima internacional que trata das funcións da Asemblea polo que respecta ás regras e directrices relativas á seguridade marítima e á prevención e control da contaminación do mar ocasionada polos buques;

Recoñecendo a importancia de que os buques cumpran as disposicións dos convenios internacionais pertinentes, tales como o SOLAS 74, o Convenio de liñas de carga 66, o MARPOL 1973/1978, o Convenio de formación 1978, etc., co fin de previlos sinistros marítimos e a contaminación do mar ocasionada polos buques;

Tomando nota de que as administracións son responsables da adopción das medidas necesarias para garantir que os buques que enarboran o pavillón dos seus respectivos estados cumpren coas disposicións dos devanditos convenios, incluídas as que se refiren ós recoñecementos e á certificación;

Tomando nota, ademais, de que en virtude das regras I/6 do Convenio SOLAS 1974, 4 do anexo I e 10 do anexo II do MARPOL 1973/1978, a Administración pode confiar as inspeccións e os recoñecementos a inspectores nomeados para o efecto ou a organizacións recoñecidas por ela, e que, así mesmo, lle debe notificar á organización cáles son as atribucións concretas que lles asignou ós inspectores nomeados ou ás organizacións recoñecidas;

Desexando elaborar procedementos uniformes e un mecanismo para a delegación de autoridade ás organizacións recoñecidas que actúen en nome da Administración e establecer normas mínimas que sirvan de axuda ós estados de abandeiramento no que se refire á implantación uniforme e eficaz dos convenios pertinentes da OMI;

Tendo examinado as recomendacións formuladas polo Comité de Seguridade Marítima no seu 62.º período de sesións e polo Comité de Protección do Medio Mariño no seu 34.º período de sesións:

1. Aproba as directrices relativas á autorización das organizacións que actúen en nome da Administración, o texto da cal constitúe o anexo desta resolución.

2. Insta os gobernos a que:

a) Apliquen as directrices o antes posible.

b) Revisen as normas aplicables ás organizacións xa recoñecidas, baseándose nas normas mínimas para as organizacións recoñecidas que actúen en nome da Administración, o texto das cales figura no apéndice 1 do anexo desta resolución.

3. Pídelle ó Comité de Seguridade Marítima e ó Comité de Protección do Medio Mariño que teñan a ben:

1.º Revisa-las directrices e as normas mínimas co fin de introducir melloras se é necesario.

2.º Elaborar, con carácter de urxencia, especificacións pormenorizadas para as organizacións recoñecidas no referente ás funcións precisas de recoñecemento e certificación.

4. Pídelle ó secretario xeral que reúna información dos gobernos membros sobre a implantación desta resolución.

## ANEXO

**Directrices para a autorización de organizacións que actúen en nome da Administración***Xeneralidades*

1. De conformidade coas disposicións da regra I/6 do SOLAS 74, o artigo 13 do Convenio de liñas de carga 1966, a regra 4 do anexo I e a regra 10 do anexo II do Convenio MARPOL 1973/1978, así como do artigo 6 do Convenio de arqueo 1969, moitos estados de abandeiramento autorizan a organizacións para que leven a cabo no seu nome as inspeccións e a certificación, así como a determinación de arqueos que prescriben os devanditos instrumentos.

2. Cómpre controla-la delegación de tal autoridade, co obxecto de fomenta-la uniformidade das inspeccións e mante-las normas establecidas. Por conseguinte, toda atribución de autoridade a organizacións recoñecidas deberá:

a) Determinar que a organización dispón de recursos adecuados polo que se refire a medios técnicos, de xestión e de investigación para realiza-los traballos que lle sexan asignados, de conformidade coas normas mínimas para as organizacións recoñecidas que actúen en nome da Administración, o texto da cal figura no apéndice 1.

b) Contar cun acordo oficial por escrito entre a Administración e a organización na que se delegue autoridade; o devandito acordo debe incluír, como mínimo, os elementos indicados no apéndice 2 ou disposicións xurídicas equivalentes.

c) Ir acompañada de instrucións que indiquen as medidas que haberá que tomar en caso de que un buque non sexa apto para facerse ó mar sen perigo para este ou para as persoas a bordo, ou que constituía unha ameaza inaceptable para o medio mariño.

d) Proporcionarlle á organización tódolos instrumentos adecuados da lexislación nacional mediante os cales se poñen en vigor disposicións dos convenios ou especificar se as normas da Administración van máis alá das prescricións convencionais nalgún respecto.

e) Especificar que a organización debe levar rexistros que permitan facilitarlle á Administración datos que o axuden a interpreta-las regras convencionais.

*Verificación e control*

3. A Administración establecerá un sistema que garanta a idoneidade do labor desempeñado polas organizacións autorizadas que van actuar no seu nome.

Tal sistema incluírá, entre outras cousas, o seguinte:

a) Procedementos para comunicar coa organización.

b) Procedementos de notificación por parte da organización e tratamento que a Administración lles dará ós informes.

c) Outras inspeccións do buque por parte da Administración.

d) Avaliación/aceptación pola Administración da certificación do sistema de control de calidade da organización realizada por un órgano independente de auditores recoñecido pola Administración.

e) Control e verificación de asuntos relacionados coa clasificación, segundo proceda.

## APÉNDICE 1

**Normas mínimas para as organizacións recoñecidas que actúen en nome da Administración**

A Administración poderá recoñecer unha organización para que leve a cabo tarefas regulamentarias no seu nome se se cumpren as seguintes condicións mínimas e a organización facilita información completa ó respecto e os correspondentes xustificantes.

### Xeneralidades

I. Deberá demostrarse que o tamaño relativo, a estrutura, experiencia e capacidade da organización están en consonancia co tipo e grao de autoridade que se lle vaia delegar.

II. A organización estará en condicións de documentar unha ampla experiencia na evolución do proxecto, a construción e o equipo de buques mercantes, así como, se procede, sobre o seu sistema de xestión da seguridade.

### Disposicións concretas

III. Co fin de delegar autoridade para prestar servizos de certificación de carácter regulamentario de conformidade con instrumentos normativos, que requiran a capacidade de examinalos correspondentes proxectos, planos e cálculos de máquinas e información técnica similar conforme a criterios técnicos normativos dictados pola Administración, e levar a cabo recoñecementos e inspeccións sobre o terreo que permitan determinar o grao en que os sistemas e compoñentes estruturais e mecánicos se axustan a tales criterios técnicos, rexerá o seguinte:

1. A organización disporá o necesario para a publicación e o mantemento sistemático de regras ou un regulamento en inglés relativo ó proxecto, á construción e á certificación de buques e ós seus sistemas esenciais asociados coa maquinaria, e proporcionará a capacidade de investigación necesaria para garantir a debida actualización dos criterios publicados.

2. A organización permitirá que representantes da Administración e doutras partes interesadas participen na elaboración das súas regras ou o seu regulamento.

3. A organización establecerase con: un número importante de persoal técnico, directivo e de apoio que atenda tamén á capacidade de elaborar e manter regras ou un regulamento; e persoal profesional competente que preste o servizo requirido abrangendo unha área xeográfica axeitada e garantindo a representación local que proceda.

4. A organización estará rexida por principios de conducta, que figurarán nun código de ética e, en tal sentido, recoñecerá a responsabilidade que implica unha delegación de autoridade de modo que se garanta unha prestación adecuada de servizos e o carácter confidencial da información procedente.

5. A organización demostrará competencia e capacidade técnica, administrativa e directiva que permitan garantir a prestación de servizos de calidade no momento oportuno.

6. A organización estará en condicións de facilitar a información pertinente á Administración.

7. A dirección da organización definirá e documentará a súa política e obxectivos no que respecta ó control de calidade, así como a súa dedicación a este labor asegurándose de que tal política se entende, implanta e mantén a tódolos niveis da organización.

8. A organización elaborará, implantará e manterá un sistema interno de control de calidade que se basee nas partes pertinentes de normas de control de calidade recoñecidas a nivel internacional, o grao de eficacia do cal non sexa inferior á serie ISO 9000 e que, entre outras cousas, garanta que:

a) As regras ou o regulamento da organización se establezan e manteñan de xeito sistemático.

b) As regras ou o regulamento da organización se cumpran.

c) Se cumpran os requisitos do labor regulamentario para o que se autorizase a organización.

d) Se definan e documenten as responsabilidades, a autoridade e as relacións do persoal cun labor que afecte a calidade dos servizos que presta a organización.

e) Todo o traballo se realice baixo control.

f) Se institúa un sistema de supervisión mediante o que se controlen as medidas adoptadas e o labor realizado pola organización.

g) Se implante un sistema sobre a competencia profesional dos inspectores e a continua actualización dos seus coñecementos.

h) Se leve un rexistro que indique o cumprimento das normas prescritas nos aspectos cubertos polos servizos prestados e o funcionamento efectivo do sistema de control de calidade.

i) Se institúa un amplo sistema de verificacións internas, planificadas e documentadas, das actividades relacionadas co control de calidade en tódolos lugares.

9. O sistema de control de calidade da organización estará suxeito á certificación por un órgano independente de auditores recoñecido pola Administración.

IV. Co fin de delegar autoridade para prestar servizos de certificación de carácter regulamentario de conformidade con instrumentos normativos, que requiran a capacidade de avaliar mediante verificacións e inspeccións similares as características pertinentes dos sistemas de xestión da seguridade das entidades de xestión navieira en terra e do persoal e os sistemas de a bordo, rexerá, ademais, o seguinte:

1. A provisión e aplicación de procedementos adecuados para avaliar o grao de cumprimento dos sistemas de xestión da seguridade en terra e a bordo que corresponda.

2. A provisión dun réxime de formación e perfeccionamento para o persoal profesional encargado do proceso de certificación do sistema de xestión da seguridade, co fin de garantir a súa competencia respecto dos criterios de control de calidade e xestión da seguridade aplicables, así como o debido coñecemento dos aspectos técnicos e operacionais da xestión da seguridade marítima.

3. A provisión de medios que permitan avaliar, mediante os servizos de persoal profesional cualificado, a aplicación e o mantemento do sistema de xestión da seguridade tanto en terra como a bordo dos buques que abrangan a certificación.

## APÉNDICE 2

### Elementos que deberá incluí-lo acordo

Todo acordo oficial por escrito, ou equivalente, concertado entre a Administración e a organización recoñecida deberá incluír, como mínimo, os seguintes elementos:

1. Aplicación.  
2. Finalidade.  
3. Condicións xerais.  
4. Desempeño das funcións obxecto da autorización:

a) Funcións acordadas coa autorización xeral.  
b) Funcións acordadas coa autorización especial (adicional).

c) Relación entre as actividades regulamentarias e outras actividades afíns da organización.

d) Funcións para cooperar cos estados rectores de porto co fin de facilitar a rectificación de deficiencias notificadas en relación coa supervisión polo Estado rector do porto ou as discrepancias dentro do ámbito de competencia da organización.



5. Base xurídica das funcións obxecto da autorización:

- a) Instrumentos legislativos, regulamentos e disposicións complementarias.
- b) Interpretacións.
- c) Casos especiais e solucións equivalentes.

6. Notificación á Administración:

- a) Procedementos de notificación no caso de autorización xeral.
- b) Procedementos de notificación no caso de autorización especial.
- c) Notificación sobre a clasificación do buque (asignación de clase, alteracións e anulacións), segundo proceda.
- d) Notificación de casos nos que o buque non estea totalmente en condicións de se facer ó mar sen poñer en perigo o propio buque ou as persoas que se achen a bordo ou que presente ameaza irrazoable de danos para o ambiente.
- e) Outras notificacións.

7. Elaboración de regras ou regulamentos-información:

- a) Cooperación polo que respecta á elaboración de regras ou regulamentos-reunións de coordinación.
- b) Intercambio de regras ou regulamentos e información.
- c) Idioma e formato.

8. Outras condicións:

- a) Remuneración.
- b) Regras relativas ós procedementos administrativos.
- c) Confidencialidade.
- d) Responsabilidade.
- e) Responsabilidade financeira.
- f) Entrada en vigor.
- g) Terminación.
- h) Incumprimento do acordo.
- i) Solución de controversias.
- j) Emprego de subcontratistas.
- k) Publicación do acordo.
- l) Emendas.

9. Especificación da autorización concedida á organización pola Administración:

- a) Tipo e tamaño do buque.
- b) Convenios e outros instrumentos, incluída a lexislación nacional pertinente.
- c) Aprobación de planos.
- d) Aprobación do material e do equipo.
- e) Recoñecementos.
- f) Expedición de certificados.
- g) Medidas correctivas.
- h) Retiro de certificados.
- i) Notificación.

10. Supervisión por parte da Administración das funcións delegadas á organización:

- a) Documentación do sistema de garantía de calidade.
- b) Acceso ás instrucións, circulares e directrices internas.
- c) Acceso á documentación da organización sobre a flota da Administración.
- d) Cooperación coa inspección e labor de verificación da Administración.
- e) Provisión de información e estatísticas sobre, por exemplo, os danos e sinistros da flota da Administración.

### ANEXO III

#### Resolución da Organización Marítima Internacional A.789 (19), aprobada o 23 de novembro de 1995

*Especificacións relativas ás funcións de recoñecemento e certificación das organizacións recoñecidas que actúen en nome da Administración*

A Asemblea:

Lembrando o artigo 15.j) do Convenio constitutivo da Organización Marítima Internacional, artigo que trata das funcións da Asemblea polo que respecta ás regras e directrices relativas á seguridade marítima e á prevención e o control da contaminación do mar polos buques;

Reiterando que os buques teñen que cumprir en todo momento as disposicións dos convenios internacionais pertinentes, tales como o Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar (SOLAS), 1974, o Convenio internacional sobre liñas de carga (Convenio de liñas de carga), 1966, e o Convenio internacional para previr a contaminación polos buques, modificado polo Protocolo de 1978 (MARPOL 1973/1978), co fin de previr los sinistros marítimos e a contaminación do mar ocasionada polos buques;

Tomando nota de que as administracións son responsables da adopción das medidas necesarias para garantir que os buques que enarboran o pavillón dos seus respectivos estados cumpren as disposicións dos devanditos convenios, incluídas as que se refiren ós recoñecementos e á certificación;

Tomando nota, ademais, de que, en virtude da regra I/6 do Convenio SOLAS 1974, a regra 4 do anexo I e a regra 10 do anexo II do MARPOL 1973/1978, a Administración pode confiar as inspeccións e os recoñecementos a inspectores nomeados para ese efecto ou a organizacións recoñecidas por ela, e que, así mesmo, debe notificarlle á organización as responsabilidades e condicións concretas da autoridade delegada nos inspectores nomeados ou nas organizacións recoñecidas;

Desexando elaborar procedementos e mecanismos uniformes para a delegación de autoridade nas organizacións recoñecidas que actúen en nome da Administración, procedementos e mecanismos que axudarían os Estados de abandeiramento a implantar de xeito uniforme e eficaz os convenios pertinentes da OMI;

Lembrando que a Asemblea, no seu décimo oitavo período de sesións, aprobou a Resolución A.739(18), sobre directrices relativas á autorización das organizacións que actúen en nome da Administración, na que se lle pedía ó Comité de Seguridade Marítima e ó Comité de Protección do Medio Mariño que elaborasen, con carácter de urxencia, especificacións detalladas sobre as funcións precisas de recoñecemento e certificación das organizacións recoñecidas, co obxecto de achegalas ás directrices;

Tendo examinado as recomendacións formuladas polo Comité de Seguridade Marítima no seu 65 período de sesións e polo Comité de Protección do Medio Mariño no seu 37 período de sesións:

1. Aproba as especificacións relativas ás funcións de recoñecemento e certificación das organizacións recoñecidas que actúen en nome da Administración, o texto das cales constitúe o anexo desta resolución.

2. Insta os gobernos a que, o antes posible:

a) Apliquen as devanditas especificacións, xunto co anexo da Resolución A.739(18).

b) Revisen as normas aplicables ás organizacións xa recoñecidas, baseándose nas devanditas especificacións.

3. Pídelle ó Comité de Seguridade Marítima e ó Comité de Protección de Medio Mariño que teñan a ben revisar estas especificacións co fin de introducir melloras, se é necesario.

## ANEXO

### **Especificacións relativas ás funcións de recoñecemento e certificación das organizacións recoñecidas que actúen en nome da Administración**

Neste documento figuran especificacións mínimas para as organizacións con capacidade recoñecida para levar a cabo un labor regulamentario en nome da Administración dun Estado de abandeiramento no que respecta ás funcións de recoñecemento e certificación relacionadas coa expedición de certificados internacionais.

O principio do sistema que se describe a continuación é dividi-las especificacións esixidas en distintos módulos elementais con miras a selecciona-los módulos pertinentes para cada función de recoñecemento e certificación.

Esferas de interese incluídas nos módulos elementais.

1. Xestión.
2. Avaliación técnica.
3. Recoñecementos.
4. Competencia e formación.

#### 1. XESTIÓN

##### *Módulo 1 A: funcións de xestión*

A dirección da organización recoñecida (OR) terá competencia, medios e capacidade para organizar, dirixir e supervisa-lo desenvolvemento das funcións de recoñecemento e certificación con miras a comprobar que se cumpren as prescricións que gardan relación coas tarefas delegadas e, entre outras cousas, deberá: dispor de suficiente persoal competente de supervisión, avaliación técnica e inspección; dispo-lo necesario para a elaboración e o mantemento de procedementos e instrucións axeitados; tomar medidas para o mantemento de documentación actualizada sobre a interpretación dos instrumentos pertinentes; ofrecer apoio técnico e administrativo ó persoal que traballa sobre o terreo; preve-lo necesario para o exame dos informes de recoñecemento e o intercambio de información sobre a experiencia adquirida.

#### 2. AVALIACIÓN TÉCNICA

##### *Módulo 2 A: estrutura do casco*

A OR terá a competencia, os medios e a capacidade suficientes para realiza-las avaliacións técnicas e os cálculos relativos: á resistencia lonxitudinal; ós escantillóns locais, como os de chapas e reforzos; á análise dos esforzos estruturais, á fatiga e ós riscos de empenamento; ós materiais, á soldadura e outros métodos pertinentes de unión dos materiais, para comprobar que cumpren as regras e prescricións dos convenios pertinentes relativas ó proxecto, á construción e á seguridade.

##### *Módulo 2 B: sistemas de máquinas*

A OR terá a competencia, os medios e a capacidade suficientes para realiza-las avaliacións técnicas e os cál-

culos relativos: ás máquinas de propulsión e auxiliar e ó aparello de goberno, ás canalizacións; ós sistemas eléctricos e de automatización, para comprobar que cumpren as regras e prescricións dos convenios pertinentes relativas ó proxecto, á construción e á seguridade.

##### *Módulo 2 C: compartimentación e estabilidade*

A OR terá a competencia, os medios e a capacidade suficientes para realiza-las avaliacións técnicas e os cálculos relativos: á estabilidade sen avaría e con avaría; á avaliación da proba de estabilidade; á estabilidade da carga de gran; á estanquidade e á integridade á intemperie.

##### *Módulo 2 D: liñas de carga*

A OR terá a competencia, os medios e a capacidade suficientes para realiza-las avaliacións técnicas e os cálculos relativos: ó francobordo; ás condicións de asignación do francobordo.

##### *Módulo 2 E: arqueo*

A OR terá a competencia, os medios e a capacidade suficientes para realiza-las avaliacións técnicas e os cálculos relativos ó arqueo.

##### *Módulo 2 F: protección estrutural contra incendios*

A OR terá a competencia, os medios e a capacidade suficientes para realiza-las avaliacións técnicas e os cálculos relativos: á prevención de incendios con medidas estruturais e ó illamento contra o lume; á utilización de materiais combustibles; ós medios de evacuación; ós sistemas de ventilación.

##### *Módulo 2 G: equipo de seguridade*

A OR terá a competencia, os medios e a capacidade suficientes para realiza-las avaliacións técnicas e os cálculos relativos: ós dispositivos e medios de salvamento; ó equipo de navegación; ós sistemas e ó equipo de detección de incendios e de alarma contra incendios; ó sistema e equipo de extinción de incendios; ós planos de loita contra incendios; ás escalas e elevadores de plástico; ás luces, marcas e sinais sonoros; ós sistemas de gas inerte.

##### *Módulo 2 H: prevención da contaminación por hidrocarburos*

A OR terá a competencia, os medios e a capacidade suficientes para realiza-las avaliacións técnicas e os cálculos relativos: á supervisión e ó control das descargas de hidrocarburos; á separación dos hidrocarburos e da auga de lastre; ó lavado con crus; á localización dos tanques de lastre separado como protección; ós medios de bombeo, trasfega e descarga; ós plans de emerxencia de a bordo en caso de contaminación por hidrocarburos.

##### *Módulo 2 I: prevención da contaminación por substancias nocivas líquidas (SNL)*

A OR terá a competencia, os medios e a capacidade suficientes para realiza-las avaliacións técnicas e os cálculos relativos: á lista de substancias que pode transporta-lo buque; ó sistema de bombeo; ó sistema de esgotamento; ó sistema e equipo de lavado de tanques; ós medios de descarga somerxidas.

*Módulo 2 J: equipo radioeléctrico*

A OR terá a competencia, os medios e a capacidade suficientes para realiza-las avaliacións técnicas relativas á radiotelefonía, á radiotelegrafía e ó SMSSM.

Tamén pode realizar estes servicios unha compañía profesional de inspección de instalacións radioeléctricas, aprobada e supervisada pola OR de acordo cun programa establecido e documentado. O devandito programa incluíra a definición dos requisitos específicos que a compañía e os seus técnicos radioeléctricos deben satisfacer.

*Módulo 2 K: transporte de productos químicos perigosos a granel*

A OR terá a competencia, os medios e a capacidade suficientes para realiza-las avaliacións técnicas e os cálculos relativos: á configuración do buque e á aptitude do buque para conserva-la flotabilidade; á contención da carga e ó material de construción; á regulación da temperatura e ó transvasamento da carga; ós sistemas de ventilación e ó control ambiental dos tanques de carga; á protección do persoal; ás prescricións operacionais; á lista dos produtos químicos que pode transporta-lo buque.

*Módulo 2 L: transporte de gases licuados a granel*

A OR terá a competencia, os medios e a capacidade suficientes para realiza-las avaliacións técnicas e os cálculos relativos: á configuración do buque e á aptitude do buque para conserva-la flotabilidade; á contención da carga e o material de construción; ós recipientes de elaboración de presión e ós sistemas de canalizacións de líquidos, vapor e presión; ós sistemas de ventilación e ó control ambiental dos tanques de carga; á protección do persoal; á utilización da carga como combustible; ás prescricións operacionais.

## 3. RECOÑECIMENTOS

*Módulo 3 A: funcións de recoñecemento*

A OR terá a competencia, os medios e a capacidade apropiados para realiza-los recoñecementos prescritos cos controis esixidos polo seu propio sistema de calidade, nun ámbito xeográfico axeitado e cos representantes locais necesarios. O labor que debe levar a cabo o persoal queda descrito nas seccións pertinentes das directrices para efectuar recoñecementos elaborados pola organización.

## 4. COMPETENCIA E FORMACIÓN

*Módulo 4 A: competencia xeral*

O persoal da OR que realice un labor regulamentario e sexa responsable deste terá, como mínimo, a seguinte formación académica: título dun centro de ensino de terceiro grao recoñecido pola OR nunha rama pertinente da enxeñería ou das ciencias físicas (programa de estudos de dous anos como mínimo), ou título dunha institución marítima ou náutica e experiencia adecuada a bordo dun buque en calidade de oficial titulado, así como un coñecemento do idioma inglés suficiente para o tipo de traballo de que se trate.

O persoal que preste axuda no desempeño dos labores regulamentarios terá os estudos, a formación e a capacidade de supervisión que correspondan coas tarefas que se lles autoriza levar a cabo.

A OR deberá ter establecido un sistema documental para a preparación do persoal e a actualización continua

dos seus coñecementos, axeitado ás tarefas que se lles autoriza levar a cabo. Este sistema comprenderá cursos apropiados de formación, incluídos, entre outros temas, o estudo dos instrumentos internacionais e os procedementos apropiados relativos ó proceso de certificación, así como unha formación práctica dirixida. Proporcionar unha proba documental de que se rematou satisfactoriamente o curso de formación.

*Módulo 4 B: competencia en recoñecementos radioeléctricos*

Os recoñecementos poden ser realizados por unha compañía profesional de inspección de instalacións radioeléctricas, aprobada e supervisada pola OR, de acordo cun programa establecido e documentado. O devandito programa incluíra a definición dos requisitos específicos que a compañía e os seus técnicos radioeléctricos deben satisfacer, entre eles os da formación dirixida impartida pola compañía, que incluíra, como mínimo: a radiotelefonía, a radiotelegrafía, o SMSSM, os recoñecementos inicial e de renovación.

Os técnicos radioeléctricos que leven a cabo os recoñecementos deberán ter cursado de xeito satisfactorio un ano, como mínimo, de formación pertinente nunha escola técnica e o programa interno de formación dirixida da compañía, e terán, polo menos, un ano de experiencia como técnico radioeléctrico auxiliar. Para os inspectores radioeléctricos empregados de xeito exclusivo pola OR aplicaranse requisitos equivalentes ós antes mencionados.

**Especificacións relativas ós distintos certificados**

## CERTIFICADO DE SEGURIDADE PARA BUQUE DE PASAXE

*Certificado inicial, recoñecemento de renovación*

1. Aplícanse os módulos 1 A, 2 A, 2 B, 2 C, 2 D, 2 F, 2 G, 2 J, 3 A, 4 A e 4 B.

2. Para este certificado, o sistema comportará a formación práctica dirixida sobre os aspectos que se indican a continuación, que lle corresponda ó persoal de avaliación técnica e de apoio (ETA) e ós inspectores sobre o terreo (IT), respectivamente:

- a) ETA: SOLAS 74 emendado.
- b) IT: SOLAS 74 emendado: recoñecemento inicial, informe e expedición do certificado; recoñecemento de renovación, informe e expedición do certificado.

## CERTIFICADO DE SEGURIDADE DE CONSTRUCCIÓN PARA BUQUE DE CARGA

*Certificado inicial, recoñecementos anual ou intermedio e de renovación*

1. Aplícanse os módulos 1 A, 2 A, 2 B, 2 C, 2 F, 3 A e 4 A.

2. Para este certificado, o sistema comportará a formación práctica dirixida sobre os aspectos que se indican a continuación, que lle corresponda ó persoal de avaliación técnica e de apoio (ETA) e ós inspectores sobre o terreo (IT):

- a) ETA: capítulos 11 A 1 e 11 A 2 do SOLAS 74, coas súas emendas e as regras de clasificación axeitadas.
- b) IT: recoñecementos técnicos pertinentes (recoñecementos por clases e similares), para as construcións novas: estrutura do casco e equipo; instalación e proba da maquinaria e dos sistemas.
- c) IT: recoñecementos técnicos pertinentes (recoñecementos por clases e similares), para os buques en

servicio: recoñecemento anual ou intermedio; recoñecemento de renovación; recoñecemento do fondo.

d) IT: capítulos 11 A 1 e 11 A 2 do SOLAS 74: recoñecemento inicial, informe e expedición do certificado; recoñecemento anual/intermedio e informe; recoñecemento de renovación, informe e expedición do certificado.

#### CERTIFICADO DE SEGURIDADE DO EQUIPO PARA BUQUE DE CARGA

##### *Certificado inicial, recoñecementos anual, periódico e de renovación*

1. Aplícanse os módulos 1 A, 2 G, 3 A e 4 A.  
2. Para este certificado, o sistema comportará a formación práctica dirixida sobre os aspectos que se indican a continuación, que lle corresponda ó persoal de avaliación técnica e de apoio (ETA) e ós inspectores sobre o terreo (IT):

a) ETA: capítulos 11 A 1, 11 A 2, 111 e V, emendados do SOLAS 74 e aspectos aplicables do Regulamento de abordaxes, 1972, emendado.

b) IT: capítulos 11 A 1, 11 A 2, 111 e V, emendados do SOLAS 74 e aspectos aplicables do Regulamento de abordaxe, 1972, emendado: recoñecemento inicial, informe e expedición do certificado; recoñecemento anual/periódico e informe; recoñecemento de renovación, informe e expedición do certificado.

#### CERTIFICADO DE SEGURIDADE RADIOELÉCTRICA PARA BUQUE DE CARGA

##### *Certificado inicial, recoñecementos periódico e de renovación*

1. Aplícanse os módulos 1 A, 2 J, 3 A e 4 B.  
2. Para este certificado, o sistema comportará a formación práctica dirixida sobre os aspectos que se indican a continuación, que lle corresponda ó persoal de avaliación técnica e de apoio (ETA) e ós inspectores sobre o terreo (IT):

a) ETA: capítulo IV, emendado do SOLAS 74.  
b) IT: véxase o módulo 4 B.

#### CERTIFICACIÓN PREVISTA NO CÓDIGO INTERNACIONAL DE XESTIÓN DA SEGURIDADE

##### *Certificado inicial, verificacións anuais/intermedias, certificado de renovación*

1. Aplícanse tódolos módulos coa salvidade do 2E (arqueo) na medida en que gardan relación coa capacidade da OR para identificar e avalialas regras e regulamentos obrigatorios que teñen o sistema de xestión da seguridade e os buques dunha compañía.

2. Para o certificado, o sistema deberá cumprir os requisitos de competencia e formación do persoal encargado de avalialo cumprimento do Código IGS, que figuran nas directrices para a implantación do Código Internacional de Xestión da Seguridade (IGS) polas administracións.

#### CERTIFICADO INTERNACIONAL DO FRANCOBORDO

##### *Certificado inicial, recoñecementos anual e de renovación*

1. Aplícanse os módulos 1 A, 2 A, 2 C, 2 D, 3 A e 4 A.  
2. Para este certificado, o sistema comportará a formación práctica dirixida sobre os aspectos que se indican

a continuación, que lle corresponda ó persoal de avaliación técnica e de apoio (ETA) e ós inspectores sobre o terreo (IT):

a) ETA: cálculo do francobordo e aprobación dos planos para as condicións de asignación, de conformidade co Convenio internacional sobre liñas de carga, 1966.

b) IT: recoñecementos técnicos pertinentes (recoñecementos por clases ou similares) para as construcións novas: recoñecemento estrutural do casco; orificios no casco e medios de peche; proba de estabilidade.

c) IT: recoñecementos técnicos pertinentes (recoñecementos por clases ou similares), para buques en servizo: recoñecemento anual; recoñecemento de renovación; recoñecemento do fondo.

d) IT: medición do francobordo/informe sobre o recoñecemento inicial.

e) IT: condicións de asignación/informe sobre o recoñecemento inicial.

f) IT: verificación da marca de francobordo/informe sobre o recoñecemento inicial.

g) IT: recoñecemento anual do francobordo.

h) IT: recoñecemento de renovación do francobordo e expedición do certificado.

#### CERTIFICADO INTERNACIONAL DE PREVENCIÓN DA CONTAMINACIÓN POR HIDROCARBUROS

##### *Certificado inicial, recoñecementos anual, intermedio e de renovación*

1. Aplícanse os módulos 1 A, 2 A, 2 B, 2 C, 2 H, 3 A e 4 A.

2. Para este certificado, o sistema comportará a formación práctica dirixida sobre os aspectos que se indican a continuación, que lle corresponda ó persoal de avaliación técnica e de apoio (ETA) e ós inspectores sobre o terreo (IT):

a) ETA: aprobación de planos e manuais de conformidade co anexo I do MARPOL 1973/1978,

b) IT: anexo I emendado do MARPOL 1973/1978: recoñecemento inicial, informe e expedición do certificado; recoñecemento de renovación, informe e expedición do certificado.

#### CERTIFICADO INTERNACIONAL DE PREVENCIÓN DA CONTAMINACIÓN PARA O TRANSPORTE DE SUBSTANCIAS NOCIVAS LÍQUIDAS A GRANDEL

##### *Certificado inicial, recoñecementos anual, intermedio e de renovación*

1. Aplícanse os módulos 1 A, 2 A, 2 B, 2 C, 2 I, 3 A e 4 A.

2. Para este certificado, o sistema comportará a formación práctica dirixida sobre os aspectos que se indican a continuación, que lle corresponda ó persoal de avaliación técnica e de apoio (ETA) e ós inspectores sobre o terreo (IT):

a) ETA: aprobación de planos e manuais de conformidade co anexo II do MARPOL 1973/1978 e os códigos pertinentes.

b) IT: anexo II do MARPOL 1973/1978 e os códigos pertinentes: recoñecemento inicial, informe e expedición do certificado; recoñecemento anual/intermedio e informe; recoñecemento de renovación, informe e expedición do certificado.

CERTIFICADO INTERNACIONAL DE APTITUDE PARA O TRANSPORTE  
DE PRODUCTOS QUÍMICOS PERIGOSOS A GRANEL

*Certificado inicial, recoñecementos anual, intermedio  
e de renovación*

1. Aplícanse os módulos 1 A, 2 A, 2 B, 2 C, 2 K, 3 A e 4 A.

2. Para este certificado, o sistema comportará a formación práctica dirixida sobre os aspectos que se indican a continuación, que corresponda ó persoal de avaliación técnica e de apoio (ETA) e ós inspectores sobre o terreo (IT):

a) ETA: aprobación de planos e manuais de conformidade co Código internacional para a construción e o equipo de buques que transportan produtos químicos perigosos a granel (CIQ).

b) IT: CIQ: recoñecemento inicial, informe e expedición de certificado; recoñecemento anual/intermedio e informe; recoñecemento de renovación, informe e expedición de certificado.

CERTIFICADO DE APTITUDE PARA O TRANSPORTE DE GASES LICUADOS  
A GRANEL

*Certificado inicial, recoñecementos anual, intermedio  
e de renovación*

1. Aplícanse os módulos 1 A, 2 A, 2 B, 2 C, 2 L, 3 A e 4 A.

2. Para este certificado, o sistema comportará a formación práctica dirixida sobre os aspectos que se indican a continuación, que corresponda ó persoal de avaliación técnica e de apoio (ETA) e ós inspectores sobre o terreo (IT):

a) ETA: aprobación de planos e manuais de conformidade co Código internacional para a construción e o equipo de buques que transportan gases licuados a granel (CIG).

b) IT: CIG: recoñecemento inicial, informe e expedición de certificado; recoñecemento anual/intermedio e informe; recoñecemento de renovación, informe e expedición de certificado.

CERTIFICADO INTERNACIONAL DE ARQUEO (1969)

*Certificado inicial*

1. Aplícanse os módulos 1 A, 2 E e 4 A.

2. Para este certificado, o sistema comportará a formación práctica dirixida sobre os aspectos que se indican a continuación, que lle corresponda ó persoal de avaliación técnica e de apoio (ETA) e ós inspectores sobre o terreo (IT):

a) ETA: medición e cálculo do arqueo de conformidade co Convenio de arqueo de 1969; as resolucións pertinentes da OMI.

b) IT: recoñecemento das marcas e informe.

**2210** *REAL DECRETO 91/2003, do 24 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as inspeccións de buques estranxeiros en portos españois.* («BOE» 30, do 4-2-2003.)

O artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre a mariña mercante, materia que, en canto ó seu contido, delimita o artigo 6 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, que establece, nas alíneas c),

d) e g) do seu punto 1, que se considera mariña mercante a seguridade da navegación e da vida humana no mar, a seguridade marítima e a inspección técnica e operativa de buques, tripulacións e mercadorías, respectivamente.

A Directiva 95/21/CE do Consello, do 19 de xuño de 1995, sobre o cumprimento das normas internacionais de seguridade marítima, prevención da contaminación e condicións de vida e de traballo a bordo, por parte dos buques que utilicen os portos comunitarios ou as instalacións situadas en augas baixo xurisdicción dos estados membros (control do Estado do porto), establecía os criterios comúns para a harmonización dos procedementos de inspección dos referidos buques por parte dos estados membros da Unión Europea. Así mesmo, en cumprimento da anterior, a Directiva 96/40/CE da Comisión, do 25 de xuño de 1996, fixou os requisitos para a tarxeta de identidade dos inspectores de control do Estado do porto.

Pola súa vez, a Directiva 98/25/CE do Consello, do 27 de abril de 1998, modificou a Directiva 95/21/CE, co obxecto de actualizalas datas de referencia ós convenios e instrumentos xurídicos internacionais relacionados no artigo 2 desta última, así como establecer medidas específicas a escala comunitaria para tratar os casos de incumprimentos relativos ó Código internacional de xestión da seguridade do buque e a prevención da contaminación (código ISM). Por outra parte, a referida Directiva 95/21/CE foi tamén modificada pola Directiva 98/42/CE da Comisión, do 19 de xuño de 1998, no sentido de redefinir e actualizalos criterios de selección dos buques que han de ser inspeccionados, o cal supuxo a modificación total ou parcial dos anexos I, II, III, IV e VI da mencionada Directiva 95/21/CE.

A incorporación ó ordenamento xurídico español das citadas directivas operouse mediante o Real Decreto 768/1999, do 7 de maio, polo que se aprobaba o Regulamento relativo ó control do cumprimento da normativa internacional sobre seguridade marítima, prevención da contaminación e condicións de vida e traballo nos buques estranxeiros que utilicen portos ou instalacións situadas en augas xurisdiccionais españolas.

A devandita norma foi modificada polo Real decreto 1828/2000, do 3 de novembro, que se aprobou coa finalidade de incorporar ó ordenamento xurídico español a Directiva 99/97/CE da Comisión, do 13 de decembro de 1999.

Con data do 19 de decembro de 2001 aprobouse a Directiva 2001/106/CE pola que se modifica a Directiva 95/21/CE. Esta nova directiva pretende, resumidamente, acoutar e obxectivala ampla marxe de discrecionalidade que ata agora se viña outorgando ás administracións marítimas dos estados membros para seleccionar buques de considerable antigüidade para facelos obxecto de inspeccións ampliadas, fixar directrices para efectuar tales inspeccións co fin de uniformalo seu alcance e contido, evita-la duplicación de inspeccións, poñendo en coñecemento dos inspectores as verificadas noutros portos comunitarios, incrementa-la transparencia da información que se publicará sobre os buques inspeccionados e inmovilizados, así como, finalmente, introducir algunhas outras novidades dun alcance máis puntual e limitado.

Este real decreto incorpora ó ordenamento xurídico español a Directiva 2001/106/CE e derroga integramente os reais decretos 768/1999 e 1828/2000, a prol dunha maior claridade e da salvagarda da seguridade xurídica, dada a importancia das modificacións que a nova directiva introduce nas anteriores.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xaneiro de 2003,